

ESCOLMA DE CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

Afonso X	Xoán García de Guillade
<p>Nom quer'eu donzela fea que ant'a mia porta pea.</p>	<p>Ai dona fea, fostes-vos queixar que vos nunca louv'en[o] meu cantar; mais ora quero fazer um cantar em que vos loarei todavia; e vedes como vos quero loar: dona fea, velha e sandia!</p>
<p>Nom quer'eu donzela fea e negra come carvom que ant'a mia porta pea nem faça come sisom. Nom quer'eu donzela fea que ant'a mia porta pea.</p>	<p>Dona fea, se Deus mi perdom, pois havedes [a]tam gram coração que vos eu loe, em esta razom vos quero já loar todavia; e vedes qual será a loaçom: dona fea, velha e sandia!</p>
<p>Nom quer'eu donzela fea e velosa come cam que ant'a mia porta pea nem faça come alermã. Nom quer'eu donzela fea que ant'a mia porta pea.</p>	<p>Dona fea, nunca vos eu loei em meu trobar, pero muito trobei; mais ora já um bom cantar farei em que vos loarei todavia; e direi-vos como vos loarei: dona fea, velha e sandia!</p>
<p>Nom quer'eu donzela fea que há brancos os cabelos que ant'a mia porta pea nem faça come camelos. Nom quer'eu donzela fea que ant'a mia porta pea.</p>	
<p>Nom quer'eu donzela fea, veelha de má[a] coor que ant'a mia porta pea nem [me] faça i peor. Nom quer'eu donzela fea que ant'a mia porta pea.</p>	

O NEOTROBADORISMO

A raíz da difusión das cantigas medievais arredor de 1930 grazas á publicación de dúas antoloxías de José Joaquim Nunes, xorde nesta época un movemento poético, denominado neotrobadorismo ou escola medievalista ou cancionerista, que propón unha relectura da lírica galego-portuguesa da Idade Media.

Nesta nova tendencia créanse temas amorosos similares aos das cantigas de amigo e de amor, cos mesmos recursos formais (paralelismo, refrán, leixaprén...) e ambientes (paisaxes primaverais, fontes, mar, ríos...).

Destacan autores como Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro.

Aínda así, os autores neotrobadoristas son moi diversos: algún imitan as cantigas medievais e recrean a súa perfección formal; outros prefiren achegar influencias máis vangardistas.

<p><i>Contrabando de amigo (Fragmento)</i></p> <p>Sentada estou na illa de San Simón esperando, meu amigo, aí, que volvas do Gran Sol e pola ponte de Rande van e veñen sen parar moitos coches, meu amigo, que non veñen do Gran Sol.</p> <p>Mentiches meu amigo, mentiches meu amor mentira meu amigo, ti non fuches ó Gran sol contrabando de tabaco e de drogas de drogar amor de batea o que ti me queres dar.</p> <p>Antón Reixa, <i>Viva Galicia Beibe</i> (1994).</p>	<p><i>No niño novo do vento</i></p> <p>No niño novo do vento hai unha pomba dourada, meu amigo! Quen poidera namorala!</p> <p>Canta ao luar e ao mencer en fruta de verde olivo. Quen poidera namorala, meu amigo!</p> <p>Ten aires de frol recente, cousas de recién casada, meu amigo! Quen poidera namorala!</p> <p>Tamén ten sombra de sombra e andar primeiro de río. Quen poidera namorala, meu amigo!</p> <p>Álvaro Cunqueiro</p>
--	--

- **Versións musicadas:**

<http://sondepoetas.blogspot.com/2007/11/no-nio-novo-do-vento-hai-unha-pomba.html>

- **Máis diferenzas entre o galego e o portugués:**

<https://www.youtube.com/watch?v=0I7GIEHNMLs>